

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a outubro de 2025

Data de publicación: 05/12/2025

Principais resultados

- En outubro de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou unha diminución interanual do 6,4 % en Galicia e un crecemento do 1,6 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de equipo baixaron un 11,5 % mentres que os bens de consumo medraron un 5,2 % e os bens intermedios un 1,1 %. Pola súa parte, a enerxía retrocedeu un 17,7 %.
- Por ramas de actividade, a contribución negativa máis destacable corresponde a: “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que resta 5,8 puntos.
- No referido ás repercusións positivas, a rama máis relevante foi “Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento” cunha contribución de 1,3 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial diminuíu un 6,4 % en taxa interanual en outubro de 2025; en España, incrementouse o 1,6 %.


- Os bens de consumo aumentaron o 5,2 %, cunha repercusión de 1,2 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do -11,5 %, restando 4 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 1,1 %, cunha repercusión positiva de 0,2 puntos.
- Por último, a enerxía, que diminúe un 17,7 %, resta 3,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Outubro de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	102,6	-6,4	0,3
Bens de consumo	112,4	5,2	4,4
Bens de equipo	118,4	-11,5	5,4
Bens intermedios	92,6	1,1	-0,4
Enerxía	84,3	-17,7	-10,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual do 6,4 % débese principalmente á contribución negativa de 15 ramas.

Entre as ramas con contribucións negativas (-12,3 puntos) destacan:

- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (-32,2 %, resta 5,8 puntos).
- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (-23,8 %, resta 4,3 puntos).

No que respecta ás contribucións positivas (5,9 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" (16,5 % e suma 1,3 puntos).
- "Fabricación de bebidas" (25,3 % e suma 0,9 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 8 comunidades autónomas neste mes de outubro. As comunidades con taxas máis positivas foron Andalucía (16,6 %) e Castela e León (7,2 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en Galicia (-6,4 %) e A Ríoxa (-4,8 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Outubro de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Outubro de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	102,6	-6,4	0,3		
Bens de consumo	112,4	5,2	4,4	1,2	1,1
Bens de equipo	118,4	-11,5	5,4	-4,0	1,7
Bens intermedios	92,6	1,1	-0,4	0,2	-0,1
Energía	84,3	-17,7	-10,0	-3,8	-2,3

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	112,2	1,6	1,1		
Bens de consumo	116,0	1,4	1,0	0,4	0,3
Bens de equipo	127,0	-0,2	-0,1	-0,1	0,0
Bens intermedios	105,3	2,0	0,6	0,6	0,2
Energía	101,7	3,9	3,5	0,7	0,6

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Outubro de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-32,2	-5,8	4,0	0,6	13,3
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-23,8	-4,3	-12,0	-2,3	19,4
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-12,9	-0,7	-0,1	0,0	4,8
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-11,4	-0,4	-5,8	-0,2	3,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-6,1	-0,3	-1,5	-0,1	4,6
Confección de roupa de vestir	-8,7	-0,2	8,7	0,2	1,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-48,0	-0,2	-31,1	-0,1	1,0
Industria téxtil	-16,0	-0,1	-15,1	-0,1	0,8
Industria química	-3,6	-0,1	-1,0	0,0	1,9
Industria do papel	-3,7	0,0	-1,8	0,0	1,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-1,0	0,0	6,5	0,1	2,3
Outras industrias manufactureiras	-4,9	0,0	6,1	0,0	0,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	11,1	0,1	-7,4	0,0	0,5
Outras industrias extractivas	26,7	0,3	-7,5	-0,1	1,1
Fabricación de mobles	23,2	0,3	0,0	0,0	1,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	71,8	0,4	31,0	0,2	0,8
Industria da alimentación	3,8	0,5	5,1	0,7	14,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	19,6	0,5	-2,5	-0,1	5,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	11,9	0,5	-1,5	-0,1	2,8
Fabricación doutro material de transporte	24,5	0,5	18,1	0,4	1,9
Fabricación de bebidas	25,3	0,9	7,8	0,4	3,8
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	16,5	1,3	10,3	0,8	8,6

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Outubro de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	112,18	1,6	1,1
Andalucía	120,55	16,6	8,8
Aragón	119,40	0,0	2,9
Asturias, Principado de	97,07	-3,8	4,1
Baleares, Illas	114,34	-2,5	4,3
Canarias	125,87	2,0	0,4
Cantabria	98,64	-1,8	-0,5
Castela e León	123,84	7,2	4,0
Castela-A Mancha	118,41	0,4	0,7
Cataluña	114,56	-0,7	0,0
Comunidade Valenciana	96,67	0,8	-1,4
Extremadura	92,11	6,1	0,6
Galicia	102,62	-6,4	0,3
Madrid, Comunidade de	116,19	0,2	-0,1
Murcia, Rexión de	109,94	4,7	0,8
Navarra, Comunidade Foral de	113,92	-1,5	-1,7
País Vasco	111,30	-0,3	-2,3
Rioxa, A	110,81	-4,8	0,7

Fonte: INE.